



# **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA VINTESETE DE XULLO DE 2011.**

### **PRESIDENTE**

Excmo. Sr. D. Leopoldo Rubido Ramonde

### **CONCELLEIROS**

Don Alfredo Vilela Santalla  
Don Luis Rubido Ramonde  
Dona M<sup>a</sup> Luisa Pérez Prieto  
Dona Almudena Molina Pérez  
Don Pablo Luis Nebril López  
Don Juan Carlos Romero Beceiro  
Don José Luis Vergara Rey  
Dona Emilia Durán Fernández  
Dona M<sup>a</sup> del Carmen Vergara Rey  
Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Pérez  
Don Andrés Pernas Díaz

### **AUSENTES:**

Don Manuel Pérez Riola

### **SECRETARIA:**

Dona M<sup>a</sup> Cristina Varela García

### **INTERVENTOR:**

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás doce horas e tres minutos do día vinte sete de xullo de dous mil once, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar unha sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, don Leopoldo Rubido Ramonde e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, dona M<sup>a</sup> Cristina Varela García, que dá fe do acto.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DE 29.06.2011**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección a acta da sesión realizada en data 29.06.2011 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

## **2.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2012**

Dase conta da proposta da Alcaldía-Presidencia, de data 18.07.2011, co seguinte tenor literal:

"Visto o escrito remitido polo xefe territorial de Traballo e Benestar o 12 de xullo de 2011 (rex. de entrada nº 4261), no que se solicita o envío da proposta do pleno ou órgano



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

"Modificar os artigos 29 e 30 das vixentes bases de execución do orzamento, cos cambios que se sinalan en **negrita**, que quedarían redactadas do seguinte modo:

Artigo 29º. Indemnizacións por razón do servizo

### **c) Retribucións e dietas dos membros da Corporación de Cedeira.**

3. Por asistencias a órganos colexiados da Corporación os membros electos que non teñan dedicación exclusiva **ou parcial** percibirán as seguintes contías:

a) Por asistencias a sesións da Xunta de Goberno Local: **196,00€.**

b) Por asistencias a sesións de Plenos, Comisións Informativas e Mesas de contratación: 60,00€.

As asistencias aboaranse logo de aprobación por Resolución de Alcaldía.

**4. Ao non dispoñer de teléfonos móbiles corporativos, en concepto de compensación de gastos telefónicos, e previa declaración responsable do concelleiro correspondente de ter gastado a lo menos dita cantidade, se aboarán, previa resolución da Alcaldía, os seguintes importes mensuais por concelleiro:**

- Alcalde:		<b>70,00€</b>
- Tenentes de Alcalde:	<b>60,00€</b>	
- Demáis concelleiros:		<b>30,00€</b>

**En caso de que o importe efectivamente gastado fose inferior, aboarase polo importe que corresponda.**

Artigo 30º. Outras normas sobre Asistencias a sesións de Órganos Colexiados e asignación a Grupos Políticos.

1.- A tramitación dos gastos a favor dos Concelleiros por asistencias a sesións de Órganos Colexiados axustarase ás normas establecidas para o pagamento de nóminas ao persoal.

Asignacións a Grupos Políticos:

- Cantidade Fixa por Grupo: 100,00 euros mensuais
- Por cada concelleiro de integre o Grupo: 30,00 euros mensuais"

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Vergara Rey sinala que, segundo argumenta o grupo de goberno, este carece de móbiles corporativos. Di que eso non é certo porque o anterior grupo de goberno deixou teléfonos que poderían ser substituídos por outro tipo de celular. Afirmo que se trata dunha decisión demagóxica e que os custes serán maiores para as arcas municipais, posto que as chamadas entre teléfonos corporativos eran gratuítas e agora haberá que pagalas. Pregunta como pretende o Interventor fiscalizar eses teléfonos, por que non se



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

fai co resto do persoal e cal é o criterio para establecer esas cantidades. Pregunta por que non se compara cargo por cargo.

Sinala o voceiro do grupo municipal socialista que na Comisión Informativa de Facenda pediron copia desas facturas ás que se refire o informe do Interventor e non se lles deron. Afirma que os funcionarios teñen a obriga de dar eses expedientes. Anuncia que o seu grupo vaise abster na votación.

O Sr. Alcalde sinala que quen acaba de facer demagogia é o Sr. Vergara contando mentiras, e afirma que se se comparan os gastos que tivo o tripartito non hai cor.

O voceiro do grupo municipal popular, Sr. Rubido Ramonde, aconsellálle ao Sr. Vergara que faga unha reflexión e calcule de novo os gastos. Afirma que o concello pasa da barra libre anterior ao consumo contido.

O Sr. Vergara volve a preguntar novamente por que o grupo de goberno non lle dou copia das facturas. Afirma que o Alcalde minte.

O Sr. Alcalde considera que o asunto está máis que discutido, e pide que se lle entreguen as facturas ao Sr. Vergara. Sinala que é o informe do Interventor o que fai referencia a esas facturas, que ademáis son anteriores ao cambio de Corporación. Pregunta se o Sr. Vergara está poñendo en dúbida o informe do Interventor.

O Sr. Vergara contesta afirmativamente.

O Sr. Rubido Ramonde aclara que non están falando do consumo persoal do Sr. Vergara, senón do consumo do seu grupo de goberno. Lembra que houbo concelleiros seus con 400 euros de gasto.

O Sr. Vergara nega tal extremo.

Non se producen máis intervencións.

Tendo en conta a Proposta da Alcaldía, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda (por sete votos a favor e dous votos en contra do Sr. Vergara Rey e a Sra. Vergara Rey) de data 21.07.2011.

O Pleno, por sete votos a favor, cinco abstencións (Sr. Vergara Rey, Sra. Vergara Rey e Sra. Durán Fernández, Sra. Rodríguez Pérez e Sr. Pernas Díaz) e ningún voto en contra, acorda:

Modificar os artigos 29 e 30 das vixentes bases de execución do orzamento, cos cambios que se sinalan en negrita, que quedarían redactadas do seguinte modo:

Artigo 29º. Indemnizacións por razón do servizo

### **c) Retribucións e dietas dos membros da Corporación de Cedeira.**



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

3. Por asistencias a órganos colexiados da Corporación os membros electos que non teñan dedicación exclusiva **ou parcial** percibirán as seguintes contías:

a) Por asistencias a sesións da Xunta de Goberno Local: **196,00€**.

b) Por asistencias a sesións de Plenos, Comisións Informativas e Mesas de contratación: 60,00€.

As asistencias aboaranse logo de aprobación por Resolución de Alcaldía.

**4. Ao non dispoñer de teléfonos móbiles corporativos, en concepto de compensación de gastos telefónicos, e previa declaración responsable do concelleiro correspondente de ter gastado a lo menos dita cantidade, se aboarán, previa resolución da Alcaldía, os seguintes importes mensuais por concelleiro:**

- Alcalde:		<b>70,00€</b>
- Tenentes de Alcalde:	<b>60,00€</b>	
- Demáis concelleiros:		<b>30,00€</b>

**En caso de que o importe efectivamente gastado fose inferior, aboarase polo importe que corresponda.**

Artigo 30º. Outras normas sobre Asistencias a sesións de Órganos Colexiados e asignación a Grupos Políticos.

1.- A tramitación dos gastos a favor dos Concelleiros por asistencias a sesións de Órganos Colexiados axustarase ás normas establecidas para o pagamento de nóminas ao persoal.

Asignacións a Grupos Políticos:

- Cantidade Fixa por Grupo: 100,00 euros mensuais
- Por cada concelleiro de integro o Grupo: 30,00 euros mensuais

## **5.- DEROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DE EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS**

Vista a proposta de alcaldía de data 19.07.2011, que literalmente di:

“A Ordenanza Fiscal Nº 2.1, reguladora da Taxa por Expedición de Documentos Administrativos foi aprobada en sesión celebrada o 10 de novembro de 2009, tendo vixencia ata o presente.

En moitos casos a devandita ordenanza xenera un exceso de burocracia na actividade municipal e molestias aos cidadáns que para obter documentos administrativos do Concello.



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Tendo en conta que a pesar das recomendacións do Plan de Austeridade e Saneamento respecto de procurar o autofinanciamento dos servizos do Concello o importe dos dereitos recoñecidos durante o 2010 por este concepto de ingreso ascenderon a 6.747,74 €, polo que no presente caso, o rendimento non supón un importe elevado dentro do orzamento municipal, e igualmente deben descontarse os gastos propios da tramitación das autoliquidacións (impresión, papel, etc.)

Por todo propónse a adopción do seguinte acordo, para a súa aprobación, se procede polo Pleno do Concello.

**PRIMEIRO.-** A derogación da ordenanza Fiscal Nº 2.1, reguladora da Taxa por Expedición de Documentos Administrativos, aprobada inicialmente en sesión celebrada o 10 de novembro de 2009.

**SEGUNDO.-** Exponer o anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Entidade durante 30 días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automaticamente a tal categoría.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Vergara Rey sinala que o informe de Intervención de data 22.10.2009 -previo a aprobación inicial da ordenanza- cifra o custo para o concello en 161.794 euros, e dispón que para dar cumprimento ao establecido no artigo 25 do Texto Refundido das Facendas Locais deberían incrementarse as tarifas nun 161%. Afirma o voceiro socialista que a partires de agora a expedición de permisos de armas ou de tenencia de animais perigosos saíralle gratis ao solicitante, pero non así aos cedeireses, que teñen que sufragar os gastos que estes trámites xeneran, a través dos impostos indirectos.

Afirma o Sr. Vergara Rey que renunciar a eses ingresos non lle parece significativo ao Interventor Xeral, e sinala que o seu grupo estaría disposto a estudar medidas destinadas a axudar a colectivos que non poidan satisfacer as taxas.

Considera que os argumentos do Sr. Alcalde, relativos á "excesiva burocracia" que xenera o cobro desta taxa, son afirmacións á lixeira, pero o Sr. Luís Rubido foi sincero na Comisión informativa e dixo que respondía a unha promesa electoral.

Entende o Sr. Vergara que o PP debería explicar que parte desas taxas non van desaparecer, posto que o epígrafe 4º subsúmese na ordenanza de urbanismo. Di que van votar en contra.

O voceiro do PP explica que a esencia é que se deroga toda a ordenanza. Lembra que estaba previsto pola Concellaría de Facenda recaudar 48.000 por esas taxas de urbanismo, e a día de hoxe só se recaudaron 3.000 euros. Pregunta de onde van recortar e lembra os 30.000 euros que se gastaron nos fogos artificiais das festas o ano pasado.

O Sr. Vergara Rey replica que máis de 30.000 persoas disfrutaron deses fogos artificiais.



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde sinala que cando gobernaba o PP só se gastaban 8.000 euros en fogos e viña un número similar de visitantes.

Tendo en conta a Proposta da Alcaldía, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda (por cinco votos a favor e dous votos en contra do Sr. Vergara Rey e a Sra. Vergara Rey) de data 21.07.2011.

O Pleno, por nove votos a favor, tres votos en contra (Sr. Vergara Rey, Sra. Vergara Rey e Sra. Durán Fernández) e ningunha abstención, acorda:

**PRIMEIRO.-** A derogación da ordenanza Fiscal Nº 2.1, reguladora da Taxa por Expedición de Documentos Administrativos, aprobada inicialmente en sesión celebrada o 10 de novembro de 2009.

- **SEGUNDO.-** Expoñer o anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Entidade durante 30 días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automaticamente a tal categoría.

## 6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DE SERVIZOS URBANÍSTICOS

Vista a proposta de alcaldía de data 19.07.201, que literalmente di:

“A Ordenanza Fiscal Nº 2.4, por Licenzas Urbanísticas e outros servizos urbanísticos foi aprobada en sesión celebrada o 10 de novembro de 2009, tendo vixencia ata o presente.

Esta Ordenanza regula os servizos urbanísticos do Concello, e a actividade xenerada con ocasión das solicitudes dos particulares.

Dentro do proceso de simplificación administrativa contida na proposta de derogación da taxa por expedición de documentos, debe manterse a vixencia de taxas pola emisión de certificados urbanísticos, tendo en conta que xeneran moita carga de traballo e a importancia e transcendencia da súa emisión.

Por todo propónse a adopción do seguinte acordo, para a súa aprobación, se procede polo Pleno do Concello.

**PRIMEIRO.-** A modificación da ordenanza Fiscal Nº 2.3, Reguladora da Taxa por Licenzas Urbanísticas e outros servizos urbanísticos, aprobada inicialmente en sesión celebrada o 10 de novembro de 2009, engadindo un novo epígrafe no artigo 6.2 segundo o seguinte contido:

<b>Epígrafe 7º. Certificacións urbanísticas.</b>	
1. Certificacións de información urbanística	150,00



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- |  |       |
|--|-------|
| 2. Certificados sobre cuestións en materia de Urbanismo referentes a procedementos que deban surtir efectos noutros Organismos Públicos. | 10,00 |
|--|-------|

**SEGUNDO.-** Expoñer o anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Entidade durante 30 días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automaticamente a tal categoría.”

Aberto o turno de intervencións, pide a palabra o Sr. Vergara Rey. Sinala que esta proposta ten que ver coa estratexema do punto anterior. Cre que é unha forma chapuceira de facer política, e non quere ser un obstáculo para o grupo de goberno. Sinala que van votar a favor. Pregunta por que non se quitan os 10,00 euros do punto 2.

O Sr. Alcalde aclara que os puntos 5 e 6 da orde do día non buscan máis que volver a poñer as cousas como estaban antes de que gobernara o Sr. Vergara, porque eso foi o que lles reclamou o pobo de Cedeira.

Tendo en conta a Proposta da Alcaldía e o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, de data 21.07.2011, por cinco votos a favor e dúas abstencións (Sr. Vergara Rey e Sra. Vergara Rey).

O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** A modificación da ordenanza Fiscal Nº 2.3, Reguladora da Taxa por Licenzas Urbanísticas e outros servizos urbanísticos, aprobada inicialmente en sesión celebrada o 10 de novembro de 2009, engadindo un novo epígrafe no artigo 6.2 segundo o seguinte contido:

<b>Epígrafe 7º. Certificacións urbanísticas.</b>	
1. Certificacións de información urbanística	150,00
2. Certificados sobre cuestións en materia de Urbanismo referentes a procedementos que deban surtir efectos noutros Organismos Públicos.	10,00

**SEGUNDO.-** Expoñer o anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Entidade durante 30 días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automaticamente a tal categoría.



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

### **7.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2011**

Dase conta da Proposta da Alcaldía, de data 18.07.2011, que copiada literalmente di:

"Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola realización de diferentes obras e servizos ou a adquisición de bens procedentes de exercicios anteriores ao corrente, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por diversas razóns, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro del Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presuposto, elévase ao Pleno da Corporación.

Vista a resolución de 15 de setembro de 2006 que levantou o informe de reparo ASR 15.09.06.1 Reparoen uso das atribucións conferidas Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve a anterior, as Bases de Execución do vixente Orzamento Municipal e demais disposicións de aplicación e que se dan as mesmas circunstancias para o levantamento do reparo que as sinaladas na devandita resolución.

Tendo en conta que de non tramitar as facturas se trataría de un enriquecemento inxusto para a administración pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que pola urxencia nos gastos nuns casos e pola situación dos presupostos no 2009 e 2010 impediron o normal desenvolvemento dos gastos do exercicio corrente, tamén pola tramitación de recoñecementos extraxudiciais correspondentes aos anos 2004-2008 con cargo os créditos do exercicio 2009-2010.

Propónse ao Pleno, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente

**Segundo.-**O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído por importe total de **DEZANOVE MIL DOUSCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E TRES CENTIMOS (19.275,53 €)** nos termos que se detallan no listado anexo que consta de 26 rexistros, e a aplicación presupostaria dos cales, resumidamente, se realizará, conforme ao así mesmo detallado no devandito listado os seguintes créditos do Presuposto de 2011. "

Non se producen intervencións.

Tendo en conta a Proposta da Alcaldía, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda (por unanimidade dos seus membros), do 21.07.2011.

O Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:





## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

**Primeiro.**- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente.

**Segundo.**-O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído por importe total de **DEZANOVE MIL DOUSCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E TRES CENTIMOS (19.275,53 €)** nos termos que se detallan no listado anexo que consta de 26 rexistros, e a aplicación presupostaria dos cales, resumidamente, se realizará, conforme ao así mesmo detallado no devandito listado os seguintes créditos do Presuposto de 2011.

### **8.- DAR CONTA DO NOMEAMENTO DE MEMBROS DAS COMISIONS INFORMATIVAS**

Segundo escritos presentados polos voceiros do PP de 20 de xullo de 2011 (rex entrada 4433), do PSOE de 12 de xullo de 2011 (rex entrada 4255) e do BNG de 18 de xullo de 2011 (rex entrada 4414), a composición das Comisións Informativas da Corporación municipal é a seguinte:

#### **Comisión Informativa de Plenos:**

- Presidente: D. Luís Rubido Ramonde (PP)
- Don Alfredo Vilela Santalla (PP)
  - Dona Almudena Molina Pérez (PP)
  - Dona María Luisa Pérez Prieto (PP)
  - Don José Luís Vergara Rey (PSOE)
  - Dona María del Carmen Vergara Rey (PSOE)
  - Dona María José Rodríguez Pérez (BNG)

#### SUPLENTES:

- D. Pablo Luís Nebril López (PP)
- D. Juan Carlos Romero Beceiro (PP)
- D. Manuel Pérez Riola (PSOE)
- Don Andrés Pernas Díaz (BNG)

#### **Comisión Informativa de Seguemento do Plan Xeral:**

- Presidente: D. Luís Rubido Ramonde (PP)
- Don Alfredo Vilela Santalla (PP)
  - Dona Almudena Molina Pérez (PP)
  - Dona María Luisa Pérez Prieto (PP)
  - Don José Luís Vergara Rey (PSOE)
  - Don Manuel Pérez Riola (PSOE)
  - Dona María José Rodríguez Pérez (BNG)

#### SUPLENTES:

- D. Pablo Luís Nebril López (PP)
- D. Juan Carlos Romero Beceiro (PP)



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- Dona María del Carmen Vergara Rey (PSOE)
- Don Andrés Pernas Díaz (BNG)

### **Comisión Informativa de Facenda e Contas:**

Presidente: D. Luís Rubido Ramonde (PP)

- Don Alfredo Vilela Santalla (PP)
- Dona Almudena Molina Pérez (PP)
- Dona María Luisa Pérez Prieto (PP)
- Don Manuel Pérez Riola (PSOE)
- Dona María del Carmen Vergara Rey (PSOE)
- Don Andrés Pernas Díaz (BNG)

### **SUPLENTES:**

- D. Pablo Luís Nebril López (PP)
- D. Juan Carlos Romero Beceiro (PP)
- Don José Luís Vergara Rey (PSOE)
- Dona María José Rodríguez Pérez (BNG)

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS ADOPTADAS DENDE A ULTIMA SESION**

Dáse conta das resolucións da Alcaldía desde a número 240/2011 á 528/2011.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986 do 28 de novembro, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas por ésta desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **10.- MOCIONS E PROPOSTAS**

O Sr. Vergara Rey sinala que ten moción para transmitir oralmente. Pide que sexa convocada a Comisión Informativa de Urbanismo e Seguemento do Plan Xeral, na súa función ditaminadora dos asuntos que han de ser sometidos á Xunta de Goberno Local para a adopción dos acordos que procedan. Propón que se convoque cada quince días, e di que o seu grupo renunciar a cobrar os 60,00 euros de indemnización.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS**

O Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro ten algún rogo ou algunha pregunta.

O Sr. Vergara Rey di que ten dous rogos e unha pregunta.



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O primeiro rogo do Sr. Vergara refírese ao principio de transparencia respecto da entrega das facturas que o PP utilizou como argumento para establecer as indemnizacións polo uso dos teléfonos, e que se lles negaron na comisión informativa.

O segundo rogo do Sr. Vergara refírese a que se cumpran as 48 horas de antelación que esixe a lei para convocar os plenos.

A continuación o Sr. Vergara formular a súa pregunta, referida ás dificultades que está atravesando a empresa Proseringa, que quere instalarse no Polígono Empresarial de A Trabe. Afirmar que Madrid estalles axudando, pero o IGAPE -dependente da Xunta de Galicia- estalle negando as axudas.

Pregunta o Sr. Vergara que está a facer o goberno municipal para axudar a esta empresa a superar as dificultades que lles pon a Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde afirma non poder contestar a esa pregunta, posto que carece de información respecto a dita empresa.

O Sr. Rubido Ramonde indica que non teñen constancia da presentación de ningunha queixa por parte desa empresa.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas do expresado día, estendéndose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.